

## **CONVOCATORIA PARA A IMPLANTACIÓN, NO MARCO DUN PROXECTO PILOTO, DE CONTEDORES PARA A RECOLLIDA SELECTIVA DA FRACCIÓN ORGÁNICA DE RESIDUOS MUNICIPAIS**

Desde a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, preténdese poñer a disposición das entidades locais os medios necesarios para a implantación, no marco dun proxecto piloto, da recollida separada da fracción orgánica de residuos domésticos.

A finalidade deste proxecto piloto é dar un primeiro paso cara á implantación estendida no territorio, colaborando cos concellos nas primeiras etapas, de cara a acadar un 50% de valorización da materia orgánica no ano 2020, de conformidade cos obxectivos impostos pola Unión Europea.

Así, en cumprimento coa Liña Estratéxica 3 de Fomento da Recollida Selectiva da Fracción Orgánica do PXRUG, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático adquiriu un total de 4.670 contedores para a recollida selectiva de residuos de fracción orgánica, co fin de distribuílos, a modo de experiencia piloto, entre os concellos interesados en poñer en práctica a recollida separada de biorresiduos mediante contedores de proximidade.

Trátase de contedores de carga traseira de 240 litros de capacidade, de cor marrón, con cerradura para a súa apertura polo usuario mediante chave. Este sistema garante o uso exclusivo destes contedores para a recollida separada dos biorresiduos, impedindo o depósito de residuos por erro ou negligencia, o que favorece o seu correcto uso e reduce a presenza de impropios que poden limitar as posibilidades de obtención dun compost de calidade. As características técnicas dos contedores inclúense no Anexo I.

### **BENEFICIARIOS:**

Poderán acceder ao reparto destes contedores aquelas entidades locais que desexen levar a cabo a implantación da recollida separada da fracción orgánica dos residuos municipais no seu territorio.

Para poder resultar beneficiario, deberá achegarse un documento de compromiso, asinado polo representante legal da entidade solicitante, no que se faga constar a disposición de implantar a recollida separada da fracción orgánica nun prazo non superior aos 2 anos desde a entrega dos contedores.

A implantación da recollida separada da fracción orgánica dos residuos municipais supón a necesidade expresa de chegar a un acordo cunha planta de tratamento de biorresiduos debidamente autorizada e con capacidade suficiente para tratar os residuos de fracción orgánica producidos. A estes efectos débese ter en conta que a planta de tratamento deberá contar cunha liña separada para o tratamento da fracción orgánica procedente da recollida municipal, non permitíndose o tratamento conxunto con outro tipo de residuos de orixe industrial.

En caso de que a solicitude a presente unha mancomunidade, comarca, deputación provincial ou calquera outra entidade local que agrupe varios concellos, de conformidade co previsto na *Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local*, deberase indicar expresamente os concellos que forman parte da agrupación que desexan participar no reparto dos contedores. Nestas solicitudes deberá figurar o acordo expreso de cada un deses concellos de querer participar na implantación deste proxecto piloto.

Esta convocatoria é exclusiva para novas implantacións de recollida separada da fracción orgánica, non sendo posible a entrega de contedores para reposición doutros xa existentes para esta fin. Non poderán acceder, polo tanto, aqueles concellos que xa dispoñan da recollida separada de materia orgánica, ou en caso de existir, a solicitude de contedores deberá ser exclusivamente para zonas do concello onde non se estea realizando este tipo de recollida diferenciada.

#### **Criterios de reparto:**

No caso de que a demanda supere o número total de contedores dispoñibles, a asignación dos contedores realizarase de acordo aos seguintes criterios tendo en conta, ademais, o número de habitantes de cada concello:

- **Criterios obxectivos (ata 10 puntos):**

Unha vez admitida a solicitude, procederase ao reparto de contedores segundo a puntuación obtida tendo en conta os seguintes criterios:

- **Grao de urbanización da entidade solicitante.**

Atendendo ao recollido no PXRUG (Anexo 4 de *Proposta de modelos de recollida. Loxística en función da dispersión*) no que se establece que a

implantación da recollida separada de biorresiduos mediante contedores de proximidade resulta máis eficiente en zonas cunha poboación máis concentrada, procederase ao reparto de contedores segundo o [grao de urbanización](#)<sup>1</sup> da entidade solicitante.

Esta clasificación distingue 6 tipoloxías de concellos (subgraos de urbanización), tal e como se recolle na seguinte táboa. Así, cara a optimizar a recollida, obterán maior puntuación aquelas entidades cun maior grao de urbanización.

<b>Subgrao de urbanización 2016</b>	<b>Puntos</b>
Zona Densamente Poboada (ZDP)	6
Zona Intermedia alta (ZIP alta)	5
Zona Intermedia baixa (ZIP baixa)	4
Zona Pouco Poboada alta (ZPP alta)	3
Zona Pouco Poboada intermedia (ZPP intermedia)	2
Zona Pouco Poboada baixa (ZPP baixa)	1

o **Proximidade á planta de tratamento de biorresiduos de orixe doméstica.**

Co fin de dar cumprimento ao criterio de autosuficiencia e proximidade, valorarase a distancia ata a planta de tratamento coa que a entidade solicitante teña previsto establecer o acordo para o tratamento da FORS dos contedores específicos.

Así, obterán maior puntuación os concellos cuxa distancia ata a planta de tratamento non supere os 45 quilómetros por carreteira. Tomarase como referencia a Casa do Concello en cada caso.

<b>Distancia á planta de tratamento de biorresiduos</b>	<b>Puntos</b>
Menor ou igual de 45 km	4
Maior de 45 km	2
Non especifica a planta de tratamento	0

<sup>1</sup>Esta metodoloxía, desenvolvida por Eurostat en colaboración con outros organismos da UE e da OCDE, e aplicada polo IGE aos concellos galegos, considera varios criterios que permiten obter unha clasificación das parroquias cunha porcentaxe de poboación que vive en conglomerados urbanos e de alta densidade.

En caso de que a solicitude a presente unha agrupación de entidades locais, considerarase a media aritmética das puntuacións correspondentes a cada un dos concellos participantes para cada un dos criterios cuantitativos.

## **SOLICITUDES:**

### **Contido mínimo da solicitude:**

Deberase presentar un **escrito de solicitude**, asinado polo representante da entidade, no que deberá figurar o nome da entidade solicitante, o representante legal, datos de contacto (endereço, teléfono e correo electrónico), o número de contedores que se solicitan. No caso das solicitudes de agrupacións de concellos, deberase especificar o número de contedores solicitados para cada entidade.

Como **documentación complementaria**, achegarase:

- un resumo do proxecto de implantación da recollida separada da fracción orgánica dos residuos municipais que a entidade ten previsto levar á práctica, indicando os pasos a seguir e o prazo previsto desde a concesión dos contedores para levar a cabo a devandita implantación, así como as posibles plantas de tratamento que poderían ser destinatarias do residuo para o seu posterior tratamento.
- unha declaración responsable onde se recollan todos os compromisos específicos desta convocatoria asumidos por parte da entidade local solicitante. No caso de que a solicitude se presente por unha entidade de carácter supramunicipal, a declaración responsable deberá vir asinada por cada un dos entes locais onde se vaia a executar o proxecto. Achégase modelo de declaración no Anexo II.

### **Prazo e lugar de presentación:**

As entidades locais que desexen optar ao reparto dos citados contedores deberán remitir a súa solicitude **antes do 30 de outubro de 2018** á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a través da sede electrónica da Xunta de Galicia.

O código de procedemento é o seguinte: [PR004A - Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado](#)).

## **RESOLUCIÓN:**

Unha vez presentada a solicitude xunto coa documentación complementaria, comprobarase que se achegan todos os documentos esixidos. No caso contrario, requirirase ao interesado para que, nun prazo máximo de 5 días hábiles emende a falta ou achegue os documentos preceptivos; coa advertencia expresa de que, se non o fixese, a súa solicitude entenderase como desistida.

A Subdirección Xeral de Residuos fará pública a listaxe de beneficiarios na páxina web do SIRGa, e contactará persoalmente con eles, utilizando para isto os datos de contacto que figuren no escrito de solicitude.

Unha vez publicada a listaxe de beneficiarios co número de contedores asignados, as entidades locais contarán cun prazo máximo dun mes para solicitar a entrega dos contedores designando o lugar mediante enderezo e, de ser necesario, coordenadas UTM.

Para determinar o número de contedores a entregar a cada concello, terase en conta o indicado na solicitude de cada entidade local. No caso de que a demanda supere o número total de contedores dispoñibles, calcularase a porcentaxe de contedores que se poden distribuír e se asignarán de maneira proporcional ao número de habitantes segundo a solicitude a cada entidade.

## **Compromisos dos beneficiarios e das plantas de tratamento:**

### **1. Entrega e colocación dos contedores**

- As entidades que resulten beneficiarias deberán poñer a disposición da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático dun lugar no que se realizará o envío dos contedores para a súa entrega. No momento da entrega, asinarase unha acta de recepción do subministro.

- A partir dese momento, as entidades beneficiarias serán responsables da distribución e colocación dos contedores no seu territorio, para o cal disporán dun prazo máximo de dous anos. Todos os gastos que supoña a implantación da recollida separada dos biorresiduos (recollida, transporte e tratamento) corresponderán ás entidades beneficiarias.
- As entidades beneficiarias deberán coñecer a distribución de cada un dos contedores entregados. Cada contedor dispón dun sistema de identificación, que deberá estar relacionado co lugar da súa colocación. Esta información deberá estar dispoñible para futuras auditorías.
- As entidades beneficiarias comprométese a empregar os contedores de maneira exclusiva para a implantación do proxecto de recollida separada da fracción orgánica de residuos domésticos, non podendo ser empregados para outros tipos de residuos en ningún caso nin para reposición doutros contedores empregados para a mesma finalidade.
- As entidades beneficiarias deberán comunicar á Subdirección Xeral de Residuos a posta en marcha do proxecto de implantación da recollida separada da fracción orgánica dos residuos municipais.

## 2. Formación dos usuarios

As entidades que resulten beneficiarias comprométese a levar a cabo campañas de formación aos usuarios que desexen participar no proxecto piloto, facendo entrega da chave unha vez impartida a dita formación.

As entidades beneficiarias deberán dispoñer dun rexistro de todos os participantes que adquiren a chave para o uso dos contedores (cumprindo co establecido na LOPD).

## 3. Prazo de execución do proxecto

As entidades beneficiarias disporán dun prazo máximo de dous anos para proceder a execución do proxecto piloto e un prazo mínimo de 5 anos a contar dende a dita implantación para o seu mantemento.

#### 4. Seguimento e resultados

As entidades que resulten beneficiarias levarán a cabo un seguimento do proxecto de implantación da recollida separada de FORS durante, ao menos, o período mínimo de execución (5 anos). Para elo, elaborárase unha memoria anual de avaliación de resultados na que se recolla, como mínimo, a seguinte información:

- Número de contedores recibidos e colocados no seu territorio e representación da situación destes nun mapa.
- Número de participantes que recibiron a chave para o uso dos contedores e número (estimado) de habitantes nos fogares con acceso aos contedores.
- Quilogramos de materia orgánica recollidos e entregados á planta de tratamento.
- Avaliación xeral da implantación da recollida separada de FORS no concello (campañas de información e formación a usuarios, calidade da recollida separada de FORS, presenza de impropios, incidencias, conclusións, opcións de mellora...).

#### 5. Remisión de información

Co fin de realizar un seguimento do subministro dos contedores, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático poderá solicitar información acerca do uso dos contedores entregados para a recollida da fracción orgánica, as memorias anuais elaboradas polas entidades locais beneficiarias ás que se fai referencia no parágrafo anterior, así como outra información que lles puidera ser requirida coa finalidade de avaliar o resultado deste proxecto piloto.

Así mesmo, as plantas de destino deberán presentar, a requirimento da Consellería información relativa aos quilos ou toneladas recollidas, analíticas realizadas e calquera outra información sobre o proceso de xestión ou o destino do material de saída.

En caso de producirse algunha incidencia significativa que afecte de forma concreta aos contedores entregados (tales como roturas, actos de vandalismo, etc.), as entidades beneficiarias terán a obriga de rexistrar o feito e comunicalo á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático no momento en que se teña coñecemento deste feito, debendo identificar o/os contedores afectados.

Así mesmo a planta de tratamento tamén deberá comunicar calquera incidencia que puidera darse na instalación que puidese afectar aos compromisos asumidos.

**MÁIS INFORMACIÓN:**

Para máis información, poden poñerse en contacto coa Subdirección Xeral de Residuos por correo electrónico: [buzon.residuos@xunta.gal](mailto:buzon.residuos@xunta.gal)



## ANEXO I - CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DOS CONTEDORES PARA A RECOLLIDA SEPARADA DE MATERIA ORGÁNICA

### MATERIAIS / CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS

Os contedores están fabricados en polietileno de alta densidade (PEHD), 100% material reciclado, con gran resistencia a golpes e roturas, de cor marrón e estabilizados contra a radiación U.V. e con aditivos *Masterbach* de cor exentos de Cadmio.

A fabricación dos contedores é por inxección de PEHD nun molde monocasco que permite fabricar todo o corpo nunha única peza, evitando puntos de fragilidade en unións, e as partes metálicas son de aceiro galvanizado en quente.



Figura 1. Imaxe do contedor

Táboa 1. Detalle das características técnicas

Índice de Fluidez	4.0 +/- 0.5	g/10'
Densidade	956 +/- 2.5	Kg./cm <sup>3</sup> .
Esf. limite de elasticidade	27 +/- 1	MPa.
Dureza	66 +/- 1	Shore D
Resis. péndulo Charpy	10 +/- 0.5	KJ/m <sup>2</sup> .
Resis. choque Izod	53 +/- 3	KJ/m <sup>2</sup>
Resis. envellecemento	> 2.500	horas (Xenotest 1.200)

Os contedores son de 240 L e están equipados con dúas rodas ecolóxicas fabricadas a partir de pneumáticos reciclados, que facilitan o seu desprazamento e son máis silenciosas (-3dB) e menos pesadas (-40%) que as estándar.


A tapa dispón de tomas periféricas de man para facilitar a apertura e está estudada para evitar a retención das augas de choiva e lavado. A tapa garante o peche hermético e está dotada dunha cerradura mediante chave. Esta cerradura está acoplada solidamente á tapa,

e está construída con materiais resistentes á corrosión e a todo tipo de inclemencias atmosféricas. A unión entre a tapa e o corpo realízase por medio de dúas bisagras.

Na parte anterior da tapa dispón de dúas empuñaduras con estrías para unha mellor ergonomía no agarre e para evitar riscos de esvaramento.

Os contedores dispoñen de Marcado CE e axústanse á norma UNE norma UNE-EN 840 de fabricación de contedores. Son 100% compatibles cos camións de recollida de carga traseira do mercado e estandarizados para o baleirado polos servizos de recollida e/ou sistemas de combinación polivalente. A apertura da tapa para a descarga do contedor ao camión é automática.

## DIMENSIÓNS / VIDA ÚTIL



*Figura 2. Detalle das dimensións do contedor*

O espesor medio do corpo do contedor é de 4 mm e o da tapa é de 3 mm.

A vida útil dos contedores con todos os seus elementos teñen unha durabilidade no exterior durante un período mínimo de 8 anos.